

VOCES DA MARXE: XÉNERO, POSTHUMANISMO, CULTURAS MINORIZADAS E COSMOVISIÓNS DECOLONIAIS

Universidade de Varsovia, 27-29.10.2025
Facultade de Linguas Modernas

Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos, Instituto de Estudos Franceses,
Instituto de Estudos Ingleses, Centro de Humanidades Ambientais

No ámbito académico, diversas voces teñen destacado a importancia de ampliar a nosa comprensión do que significa ser ‘humano’. Haraway (1985, 1991, 2016), Descola (1986, 2005, 2018), Anzaldúa (1987), Latour (1987, 1991, 2015, 2017), Braidotti (2002, 2013, 2019, 2021), Butler (2004, 2009), Heise (2008, 2016, 2017), Lugones (2008), Espinosa Miñoso (2010), Puleo (2011, 2019), Giorgi (2014) e Segarra (2022), entre outros, teñen subliñado que, para reflexionar de xeito eficaz sobre as consecuencias dunha concepción menos autorreferencial e antropocéntrica da humanidade, resulta esencial integrar perspectivas inter/transculturais e interdisciplinarias. Deste modo, recoñécese e valórase tanto a interdependencia entre seres humanos e non humanos, como tamén se transcenden límites académicos, involucrando saberes e experiencias procedentes de contextos sociais e culturais diferentes, e de diversos activismos.

Varias teorías críticas do século XX e XXI—como a deconstrución, os estudos de xénero, os estudos postcoloniais, decoloniais, o xiro animal, a teoría crítica da raza—teñen contribuído significativamente á desestabilización do suxeito forte, cartesiano, e das bases da cultura antropocéntrica e etnocéntrica occidental (Deleuze&Guattari, 1980; Glissant, 1981; Glissant, 1990; Braidotti, 2013). Os estudos posthumanistas e decoloniais (Quijano, 1992; Dussel, 1996; Maldonado-Torres, 2007), xunto cos novos materialismos filosóficos (Meillassoux, 2006; Coole y Frost, 2010; Bryant, Srnicek y Harman, 2011), ofrecen proveitosos puntos de partida para unha reflexión renovada sobre o problema da subxectividade e a relacionalidade, que permiten seguir explorando as dinámicas de poder, e axencia nun contexto global marcado pola interconexión entre crises ecolóxicas, políticas e sociais.

Lanzamos este Call for Papers co obxectivo de explorar e poñer en valor as contribucións das teorías críticas feministas, posthumanas, decoloniais e minorizadas, á hora de desmitificar o humanismo hexemónico. Estas liñas de investigación cuestionan as estruturas de poder que marxinalizaron e minorizaron non só ás mulleres—e a outras corporalidades non normativas—, senón tamén ás comunidades indíxenas, afrodescendentes e outras culturas non hexemónicas. Tal e como o propoñen teóricas María Lugones (2008), Yuderkys Espinosa Miñoso (2010) e Françoise Vergès (2019), o feminismo decolonial é fundamental para dismantellar a “estrutura de opresións” que xorde da imbricación entre a coloniedade do poder (Quijano, 1992; Castro-Gómez, 2005), o patriarcado e o capitalismo global. Así mesmo, os estudos interseccionais (a “marxinalidade” e “visibilidade” de Crenshaw, 1991; a “performidade de xénero” de Butler, 1990; “lugar de fala” de Ribeiro, 2017), decoloniais (“Queer Necropolitics”, Puar 2007, 2017; Haritaworn, Kuntsman e Posocco, 2014), postcoloniais queer (Hawley, 2001) e feministas indíxenas transnacionais (Smith, 2005; Arvin, Tuck y Morrill, 2013) permiten unha comprensión matizada de como os sistemas de opresión—arraigados en historias coloniais, as normas de xénero, a heteronormatividade e o heteropatriarcado—interactúan coas crises ecolóxicas, as producións culturais e as subxectividades corporizadas. Deste xeito, enriquecen o discurso crítico ao situar en primeiro plano enfoques transformadores e interseccionais sobre as relacionalidades entre o humano e o non humano, así como sobre as alianzas significativas que emerxen entre elas.

Os feminismos decolonial e posthumano, tanto na súa vertente teórica como empírica e activista, fomentan unha aproximación crítica cara a (re)configuración dos imaxinarios culturais da alteridade. Estes constitúen un desafío ao ir máis alá do antropocentrismo, historicamente caracterizado polo desprezo ao marxinal e periférico. Estes enfoques propoñen un cambio de paradigma que nos convida a reconsiderar as nosas relacións ontolóxicas e epistemolóxicas. Polo tanto, aquí radica a importancia dunha ética que abarque todas as formas de vida, humanas e non humanas, incluídos os ‘outros da terra’, situando ao suxeito posthumano e decolonial nun cruce de relacións dinámicas e dialóxicas con múltiples diferencias. Propoñen, ademais, unha alternativa epistémica que recoñece e valora o saber situado das comunidades historicamente excluídas (Haraway, 1988). Este saber, encarnado en corpos racializados e feminizados, foi deslexitimado pola lóxica da colonialidade e modernidade/raionalidade (Quijano, 1992), que define que coñecementos son válidos e cales non. Como sostén Lugones (2008), esta deshumanización epistémica debe enfrontarse a través dun “desmantelamento da colonidade do ser e do xénero”.

Nesta liña, as cosmovisións indíxenas e afrodiaspóricas non só ofrecen formas alternativas de ser e coñecer, senón que tamén propoñen outros mundos posibles, tal e como suxiren Eduardo Viveiros de Castro (2010) e Arturo Escobar (2018) ao reimaxinar as relacións coa natureza, os corpos e as comunidades. Resulta, polo tanto, fundamental abordar as cosmovisións indíxenas, que xa propoñen unha ontoloxía relacional na que a vida non se divide entre o humano e o non humano, nin entre o que dende unha perspectiva occidental se considera real e o que se categoriza como sobrenatural ou espiritual. A partir da Declaración sobre os Dereitos dos Pobos Indíxenas adoptada pola ONU en 2007, estas prácticas alternativas continúan expandíndose a distintas rexións do mundo, configurándose tanto como un novo modelo de relación co entorno como tamén un desafío aos construtos político-administrativos tradicionais de Occidente (Henderson, 2008; Bird, 2011). Procesos de revalorización similares pódense observar no desenvolvemento do pensamento africano e afrodiaspórico, onde os continuadores de Ngũgĩ wa Thiong’o (1986) e Valentin-Yves Mudimbe (1988) propoñen unha descolonización das mentes non só dos antigos colonizados, senón tamén dos antigos colonizadores (Mondzain, 2020). Esta formulación busca desmantelar as divisións raciais entre Europa e África (Miano, 2020) e reivindicar formas tradicionais africanas de convivencia social baseadas no respecto pola natureza (Sarr, 2016, 2017). Así mesmo, estas correntes contribúen á redefinición do concepto de universalismo (Diagne, 2013) e sitúan a África como fonte de novas narrativas e proxectos sociopolíticos globais (Mbembe & Sarr, 2017; Diouf, 2023).

No contexto caribeño, onde as economías de plantación modelaron tanto o pensamento ecolóxico como as prácticas ambientais, e onde os movementos de resistencia xeraron imaxinarios ecolóxicos alternativos, a ecocrítica decolonial (Ferdinand, 2019) analiza os legados ecolóxicos do colonialismo e cuestiona o antropocentrismo arraigado nas epistemoloxías occidentais. Neste marco, o enfoque transindíxena conceptualizado por Allen (2012) proporciona unha perspectiva chave para comprender a interconexión das loitas e saberes indíxenas a nivel global. Ao salientar os fundamentos epistemolóxicos compartidos e a intelixibilidade mutua das cosmovisións indíxenas, este enfoque transcende fronteiras xeográficas e culturais para destacar o ethos relacional e recíproco que as sustenta.

O pensamento transindíxena subliña a resistencia e a capacidade de adaptación das tradicións indíxenas, ao tempo que fomenta o diálogo e a solidariedade entre comunidades indíxenas diversas. Este marco non só profunda a nosa comprensión sobre como as ontoloxías indíxenas desafían os paradigmas dominantes, senón que tamén as sitúa como fundamentais para reimaxinar futuros colectivos baseados na interdependencia, o respecto polo mundo natural e a xustiza para todos os seres.

Nesta liña de pensamento, Braidotti imaxina “a chispa radical” dos movementos feministas posthumanistas e decoloniais como promotora dunha política subversiva capaz de xerar (cosmo)visións alternativas desde comunidades excluídas da categoría do humano; unha política capaz de “crear outros mundos posibles”. Esta dimensión radialmente transformadora parte da premisa de que ningún proxecto emancipador pode estar completamente controlado por unha lóxica cultural dominante, a cal debe ser cuestionada. Deste

modo, os feminismos posthumano e decolonial rexeitan a noción dun suxeito universal que devén en entidade excéntrica, nómade, animalista e material, onde ten cabida tanto o persoal como o comunitario. Neste sentido, a encarnación, a materialidade e a performatividade considéranse factores indispensables xa que poñen en relación a experiencia individual coas diferencias, permitindo así unha axencia porosa do eu aberta ao común (Langle de Paz, 2018). Este enfoque posibilita a reelaboración crítica dos relatos interiorizados en torno á natureza, o xénero e o corpo, centrándose en vidas (non só orgánicas) precarias e vulnerables (Butler, 2004, 2009; Heise, 2008, 2016; Benett, 2010; Giorgi, 2014; Wayar, 2019; Muñoz, 2020; Preciado, 2022; Morizot, 2020, 2023; Vergès, Cukierman, Dambury, 2018).

A inclusión de perspectivas e producións literarias, teatrais e audiovisuais provenientes das culturas latinoamericanas, francófonas, ibéricas, lusófonas e anglófonas resulta fundamental dado que estas tradicións teñen experimentado e resistido os efectos do colonialismo, o eurocentrismo e as dinámicas do poder global. Estes textos e contextos ofrecen unha riqueza de enfoques críticos e formas alternativas de concibir a relación entre corpos, territorios, comunidades e natureza. As literaturas e culturas destes ámbitos socioculturais, ao estar atravesadas por historias de colonización, escravitude, migración e diásporas, convértense en espazos privilexiados para a reflexión sobre as fronteiras do humanismo e o lugar dos suxeitos non hexemónicos.

Con esta necesidade como punto de partida, os grupos de investigación *GENIA*, *OTRA(IBERIA)*, *ELAR*, e o Environmental Humanities Center da Universidade de Varsovia en colaboración cos proxectos de investigación, “Interseccións posthumanas nas literaturas irlandesa e galega” da Universidade de Santiago de Compostela (ref. PID2022-13625NB-100), e “Embodied life- and memory- narratives: vulnerable subjectivity and social movements in the 21st-century Argentine auto/bio/graphical literature”, da Universidade de Varsovia (2020/39/B/HS2/02332; National Science Centre, Poland), lanzan unha chamada a propostas de paneis e/ou charlas individuais que interroguen as interseccións posthumanas nas literaturas e culturas latinoamericanas, ibéricas, francófonas, lusófonas e anglófonas, producidas dende marxes conceptuais e/ou lingüísticas.



Coorganizadores:

ADHUC (Universitat de Barcelona); CEGECAL, Centro de Estudios de Género y Cultura en América Latina (Universidad de Chile); CECRIGE, Centro de Estudios Críticos de Género y Feminismos (Universidad Iberoamericana); Grup d'Investigació Cos i Textualitat (Universitat Autònoma de Barcelona); CEIIBA, Centre d'Études Ibériques et Ibéro-Américaines (Université Toulouse–Jean Jaurès), Institute of the Environment and Sustainability (University of California Los Angeles), Laboratoire ALTER, Arts, Langages, Transitions et Relations UR 7504 (Université de Pau et des Pays de l'Adour).

Entre outros, suxírense propostas relacionadas con:

- **Feminismo posthumano e decolonial:** o xiro posthumano fronte ao (andro/antropo)centrismo en literatura, teatro e cinema.
- **Culturas minorizadas e cosmovisións indíxenas:** ontoloxías, epistemoloxías e activismos en (con) textos decoloniais.
- **O suxeito humanimal:** os desafíos conceptuais e éticos emerxentes da desestabilización das categorías de especie.
- **Ecocosmopolitanismo, xustiza ambiental e narrativas multiespecies:** éticas multiespecies en contextos posthumanos e decoloniais; os ecosistemas e as especies non humanas como actores centrais nas narrativas de resistencia fronte á crise ecolóxica global.
- **Auto-representacións cuir e trans:** as autoficcións alternativas na cultura contemporánea.
- **Suxeitos auto(bio)gráficos subalternos en diálogo co activismo:** as literaturas do eu como espazos de resistencia.
- **Perspectivas inter/transculturais nas epistemoloxías posthumanas:** reflexións sobre saberes situados e o rol das culturas marxinadas na produción do coñecemento.
- **Relacionalidade e ontoloxías non occidentais:** exploracións filosóficas e culturais sobre a interdependencia entre o humano e o non humano nas cosmovisións indíxenas e afrodiáspóricas.
- **Crítica ao Antropoceno e reconfiguración do ser humano:** descentralización do ser humano como forza central na crise ecolóxica e as dinámicas de poder globais.
- **Representacións culturais do corpo posthumano:** interseccións de xénero, raza e tecnoloxía.
- **Filosofía do impersoal:** a superación do dispositivo persoa, biopolíticas positivas.
- **Ecocrítica e animalidade:** a crise medioambiental e as relacións entre humanos e non humanos dende as perspectivas das humanidades non hexemónicas.
- **Novo materialismo e axencia das cousas:** a axencia dos obxectos e o seu papel nas relacións sociais, cuestionamento da dicotomía suxeito/obxecto.
- **Saberes e experiencias comunitarias:** o rol das comunidades racializadas, feminizadas e minorizadas, e de diversos activismos, na construción de alternativas epistémicas e ontolóxicas.
- **Políticas subversivas, movementos sociais e a creación doutros mundos posibles:** exploracións sobre a capacidade transformadora das marxes nas visións posthumanas e decoloniais.

As linguas do congreso son castelán, catalán, francés, galego, inglés, portugués, vasco.

O congreso, que terá lugar entre os días **27 e 29 de outubro de 2025** na Facultade de Linguas Modernas da Universidade de Varsovia, será integramente presencial. Para participar, convidamos a aquelas persoas ou grupos de investigación interesados a enviar propostas ao email **congreso.posthumano@gmail.com** nas que aparezan un título, nome de participante(s) e os seus títulos académicos, email de contacto, institución e un resumo de 250 palabras con biografía antes do **15 de maio**. Tamén son benvidas propostas de paneis dun máximo de **3 participantes**. Os relatorios individuais terán unha duración de 20 minutos. Notificarase a aceptación de propostas antes do **30 de maio**.

Coordinadorxs:

María Alonso Alonso, Joanna Godlewicz-Adamiec, Karolina Kumor, Katarzyna Moszczyńska-Dürst, Michał Obszyński, Paweł Piszczatowski, Justyna Włodarczyk

Comité Organizador:

Aitor Arruza, Michał Bielina, Aránzazu Calderón Puerta, Ana Garrido González, Zofia Grzesiak, Marcin Kołakowski, Katarzyna Kowalska, Mariola Pietrak, Wiosna Szukała, Magda Walczuk

Secretaría:

Arnau Barios Gené, Sara Del Rossi, Jack Harrison, Patrycja Pichnicka, Alessia Vignoli, Julia Wilde

Comité Científico:

María Baranda (Cátedra Extraordinaria Octavio Paz)
Gerardo Beltrán-Cejudo (Uniwersytet Warszawski)
Darcie Doll Castillo (Universidad de Chile)
Renata Diaz-Szmidt (Uniwersytet Warszawski)
Julia Fiedorczyk (Uniwersytet Warszawski)
Corinne Ferrero (Université de Pau et des Pays de l'Adour)
Michelle Gama Leyva (Universidad Iberoamericana)
Helena González Fernández (Universitat de Barcelona)
Alfons Gregori i Gomis (Uniwersytet im. Adama Mickiewicza w Poznaniu)
Gerardo Cruz-Grunerth (Boston College)
Ursula K. Heise (University of California Los Angeles)
Robert Malecki (Uniwersytet Warszawski)
Katarzyna Mikulska (Uniwersytet Warszawski)
David Miranda-Barreiro (Bangor University)
Alicia Montes (Universidad de Buenos Aires)
Manuela Palacios (Universidade de Santiago de Compostela)
Tania Pleitez Vela (Università degli Studi di Milano)
Michèle Soriano (Université Toulouse II – Jean Jaurès)
Joana Sabadell-Nieto (Hamilton College)
Marta Segarra (Centre national de la recherche scientifique)
Zoë Skoulding (Bangor University)
Meri Torras (Universitat Autònoma de Barcelona)
Judyta Zbierska-Mościcka (Uniwersytet Warszawski)